



 **dixitega**

Grupo Operativo para a Dixitalización
da cadea de valor da IXP Ternera Gallega



Contexto

A dixitalización das cadeas de valor nos diferentes sectores agrarios é unha tendencia en curso que se acelerou como resultado da pandemia. Pero o sector agrícola segue a ser un dos sectores económicos menos dixitalizados, sendo a dixitalización da cadea de valor das producións cárnicas en Galicia unha das necesidades máis importantes nos próximos anos.

Acceder a datos de calidade, operar con eles ou incluso atopalos supón a día de hoxe todo un reto. Ademais, trátase dun sector altamente atomizado, o que engade un problema para as empresas tecnolóxicas, ao tratar de conectalo.

Que imos facer?

O **Grupo Operativo DIXITEGA**, vai crear unha plataforma que permita aos axentes da cadea de valor da **IXP Ternería Gallega** coñecer datos desta que lles resulten relevantes. Para iso, analizará as necesidades dos axentes da cadea tanto no contido dos datos como na presentación dos mesmos e ofrecerá formación para que os axentes coñezan o uso da plataforma creada.



Fases do proxecto

1 Fase de mapeo das bases de datos:
Identificaranse as bases de datos existentes que poidan resultar de interese para a cadea de valor da carne, analizando a dispoñibilidade dos datos e os formatos dos mesmos.

2 Fase de análise das necesidades de información:
Realizaranse mesas de participación, entrevistas e cuestionarios para coñecer as necesidades de información que teñen os axentes e as súas preferencias á hora de acceder aos datos que se lles faciliten.



3

Fase de creación da plataforma:

A partir das necesidades detectadas e das preferencias establecidas, levarase a cabo a creación dunha plataforma onde os datos poidan ser consultados.

4

Fase de apoderamento dos axentes:

Unha vez creada a plataforma, impartiranse unhas sesións para os axentes da cadea de valor, nas cales serán formados sobre o uso da plataforma para que poidan consultar os datos que desexen.





Que queremos conseguir?



Facilitar aos axentes da cadea de valor da IXP Ternera Gallega datos relevantes que permitan:

- Optimizar as operacións.
 - Mellorar a transparencia.
 - Transmitir información útil ao consumidor.
-



Capacitar aos axentes en relación á dixitalización para mellorar o aproveitamento e reducir a fenda ante a adopción de determinadas tecnoloxías xa consolidadas.



Fomentar o uso de novas tecnoloxías ligadas á explotación de datos e mellorar o coñecemento das mesmas entre os axentes da cadea de IXP Ternera Gallega.

Datos básicos do proxecto

Duración: 25 meses
(1 de setembro 2022 - 30 de setembro 2024)


Orzamento: 176.329,19€

Contacto: info@juanadevega.org

Socios



Colaboradores



Financiado por:

